

Hanna Arendt

Historia da Filosofía


Vida e obras

- Hannah Arendt (1906-1975) é unha das intelectuais máis influentes do século XX.
- A súa vida e a súa obra estiveron marcadas polas dúas guerras mundiais, o holocausto e o auxe dos totalitarismos: o nazismo en Alemaña e o estalinismo na Rusia soviética.





Vida e obras

- Arendt preferiu sempre que a súa obra fose clasificada como «**teoría política**», e rexeitou sempre ser cualificada como «**filósofa**».
- A pesar de coñecer ben a tradición filosófica, **a súa perspectiva con respecto á política non parte desta tradición.**
- Ao seu xuízo, trátase dunha tradición que sempre estivo distanciada da política, entendida como aquilo que se manifesta no espazo público.




Vida e obras

- A súa reflexión céntrase **exclusivamente na teoría política**, que plasma nas súas obras máis importantes, entre as que se encontran:
 - ***As orixes do totalitarismo*** (1951),
 - ***A condición humana*** (1958),
 - ***Eichmann en Xerusalén: un estudo sobre a banalidade do mal*** (1963)
 - ***Sobre a vida do espírito*** (1998).




Vida e obras

- A obra de Arendt xira en torno ao **intento de comprender** o que a súa xeración viviu no século con maior avance da razón en ciencia e tecnoloxía: **a irrupción dos totalitarismos**:
 - Formas políticas radicalmente novas na historia
 - Réximes que eliminaron absolutamente a política
 - Pretenden a dominación total do ser humano
 - Non poden ser pensadas coas categorías tradicionais do pensamento (monarquía, república, etc.)
- **É preciso comprender «Que sucedeu? Por que sucedeu? Como puido suceder?».**



Contexto filosófico

- **Ética kantiana**, coa súa énfase na autonomía e a responsabilidade individual → influencia na concepción arendtiana do xuízo e a acción política.
- Arendt *retomou a idea kantiana do **xuízo reflexionante*** (a facultade de atopar unha regra ou "universal" cando só temos diante un caso particular) pero aplicándoa ao ámbito político e moral, destacando a capacidade dos individuos para xulgar sen recorrer a regras preestablecidas.
- Para Hannah Arendt, este concepto é a peza clave da súa filosofía política. Ela sostén que, aínda que Kant o deseñou para a estética (o gusto pola beleza), en realidade describe como funciona a **liberdade política**.



Contexto filosófico

- **Tradición clásica grega:** Para Arendt a tradición grega é o espello que revela como a modernidade trastornou a orde natural da vida humana. A súa distinción entre labor, traballo e acción nace directamente das institucións da Grecia clásica.




Contexto filosófico

- **Existencialismo contemporáneo**: O existencialismo de Jean-Paul Sartre, coa súa énfase na liberdade, a responsabilidade e a angustia existencial, resonou coa preocupación de Arendt pola condición humana nun mundo marcado pola incerteza e a violencia.
- **Fenomenoloxía**: A fenomenoloxía de Edmund Husserl, coa súa énfase na **intencionalidade da conciencia e a importancia da experiencia vivida**, proporcionou a Arendt ferramentas para analizar a forma en que os individuos perciben e dan sentido ao mundo.

A súa formación inicial con Martin Heidegger e Karl Jaspers introduciuna na fenomenoloxía e a filosofía existencial, correntes que influíron na súa análise da experiencia humana e a natureza do ser (en negrita).

Porén, o seu pensamento transcendeu estas influencias, desenvolvendo unha perspectiva orixinal que combinaba a reflexión filosófica coa análise histórica e política.



**A NATUREZA DO TOTALITARISMO
E AS SUAS ORIGENS**

**PENSAMENTO
E ACCIÓN**

**A BANALIDADE
DO MAL**

*O perigo
das
utopias*



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- En *As orixes do totalitarismo* Arendt **investiga as orixes deste fenómeno** -non as causas, posto que, como ocorre coa historia, o totalitarismo ha de ser comprendido e non explicado causalmente-, e encontra as súas **raíces** en:
 - **Antisemitismo** (Odio / rexeitamento ao xudeu)
 - **Imperialismo.**




A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- Por iso divide o libro en tres partes:

1. Antisemitismo.

- ❑ A partir da constitución do Estado-nación ao longo dos séculos XVI e XIX.
- ❑ Se basea na idea do xudeu como un corpo externo que rompía coa idea de uniformización nunha unidade cultural e mesmo racial.
- ❑ Nalgúns casos, como en Alemaña, converteuse nun **instrumento eficaz para lograr unha cohesión nacional.**



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

2. Imperialismo.

- ❑ **Consecuencia do desenvolvemento industrial** que forzou o límite territorial do Estado-nación
- ❑ A **expansión imperialista** fixo posible nas colonias situacións en que os **dereitos humanos podían suspenderse en nome da raza.**
- ❑ Alimentou así un racismo que contribuíu, xunto co antisemitismo, a **desposuír aos xudeus do seu status legal** (antesala para a aniquilación total).



Apartheid



Ghetto de Budapest

A natureza do totalitarismo e as súas orixes

3. Totalitarismo.

- Nova forma política plasmouse historicamente no **nazismo alemán e o estalinismo soviético**.
- Características:
 - **Posúen leis**, non son simples tiranías en el que el poder se exerce caprichosamente polo tirano.
 - **Ambos teñen a ambición de crear un «home novo»** resultado de legislar con novas leis que realicen as:
 - «Leis da natureza» (a onde leva o racismo nazi)
 - «Leis da historia» (seguindo a ideoloxía marxista do estalinismo)
- Esta promesa dun home “mellor” serve para **xustificar ideoloxicamente o terror**, posto que se fai **necesario eliminar o que é prexudicial para o movemento**.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- Estes movementos apóianse no **descontento e as dificultades económicas** das masas populares.
- Unha vez no poder, establecen un **sistema de partido único cun líder ao que as masas son cegamente leais** (esa lealdade é unha das características fundamentais dos totalitarismos).





A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- Supón o afundimento do sistema de clases marxista: xa **non hai clases**, senón **individuos illados** que **non han de pensar**, manipulados mediante a **propaganda** e o **terror** por unhas elites que lles dirixen cara a un **suposto futuro glorioso**.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- Ao terror e a ideoloxía engádense os **campos de exterminio**, onde se cumpre o **ideal de dominación total** experimentando coa eliminación e a humillación dos individuos.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- O totalitarismo é a **experiencia do «mal radical»**, tan absoluto que **non hai na filosofía tradicional categorías que nos permitan comprendelo**.
- Esta dominación total esixe tres fases:
 1. **Matar a persoa xurídica**: anular ao individuo como cidadán suxeito de dereitos, situalo fóra da lei.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

2. Asasinar a persoa moral: destruír os seus valores morais (o que provoca a anulación da capacidade para distinguir entre o ben e o mal) mediante a manipulación e o terror, corrompendo toda solidariedade humana e convertendo mesmo ao individuo en cómplice do terror.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

3. Destruír a individualidade: aniquilar todo rastro de individualidade, converter ao individuo nun número, transformar aos individuos en «especímenes do animal humano», como ocorría nos campos de concentración (e tamén fóra).



O totalitarismo consegue así aniquilar a identidade xurídica, a identidade moral e a dignidade humana dos individuos, que quedan illados, convertidos en «masa», uniformizados.

A natureza do totalitarismo e as súas orixes

Como destruír a individualidade? Un das maneiras é **suprimir a esfera privada**

- Esfera privada:

- Para Arend a esfera privada é como o “muro que protexe ao individuo do mundo”.
- **Sen privacidade non hai pensamento**: Se o Estado elimina a vida privada (a través da **vixilancia** ou a **delación**), o individuo xa non ten un lugar onde retirarse para reflexionar en por si.
- **Desamparo**: Ao suprimila, o ser humano queda "espido" e exposto á forza da masa e do Estado, **perdendo a súa singularidade**.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- Esfera pública (entendida como o lugar onde nos mostramos aos demais a través da acción e o discurso).
 - **O deserto social**: Nun réxime totalitario, a esfera pública se enche de propaganda, non de debate.
 - **Perda da realidade**: Arendt sostén que o mundo só é "real" cando o vemos desde distintas perspectivas. Se todos estamos obrigados a pensar igual, o mundo común desaparece e volvémonos predicibles e manipulables.



A natureza do totalitarismo e as súas orixes

- O totalitarismo ao, suprimir ambas esferas, **fai desaparecer a política**, que consiste xustamente en crear unha esfera pública común na que os seres humanos dialogan e chegan a consensos en igualdade de condicións.
- **Tras o totalitarismo**, impónse unha forma de pensar sen categorías previas -«pensar sen varandas», como o define Arendt-, desde o sentido común: poñéndose no lugar do outro para **recuperar a política e evitar que volvan xurdir totalitarismos**.



Pensamento e acción

Pensamento e acción


Pensamento e acción

- **Introdución. Conceptos clave:**

- **Esencia**: É un concepto que serve para definir algo de maneira fixa. No caso do ser humano respondería á pregunta: Que é o ser humano?
- **Condición**: É un concepto que serve para explicar o marco no que vive o ser (a circunstancia de Ortega). Respondería a pregunta: En que circunstancias vive o ser humano?. A condición humana, para Arendt, posúe unha serie de “regras” como:
 - **Natalidade (nacer)**: Marca o inicio da vida e de comezar algo novo. A diferenza da natureza que é cíclica e previsible o ser humano é capaz de crear algo novo a través da acción na esfera pública.
 - **Pluralidade (vivir con outros)**: A socialización, sobre todo, a través da linguaxe.

Pensamento e acción

- Na súa obra ***A condición humana***, Arendt establece o **marco conceptual da súa teoría política**.
- Non lle interesa a natureza humana (biolóxica), senón **a condición humana entendida no sentido existencialista de Sartre**. (O ser humano non posúe unha esencia fixa (esencia humana) senón que se constrúe a sí mesmo).
- Arendt prefire falar da ***condición humana*** que se desenvolve a través do **pensamento, a acción e a súa apertura ao mundo**, habitado por outros seres humanos. A condición humana sería a relación constante entre a interacción que o mundo fai con nós e o que nós (a través do pensamento e a acción) lle facemos ao mundo.
- Para Arendt non é suficiente existir para ser humano. O ser realízase cando pensa e -sobre todo- cando actúa.



Pensamento e acción


- Fronte ao ser-no-mundo de Heidegger (é dicir un ser solitario), Arendt entende ao ser humano como ser-no-mundo-con-outros (un ser social). Esta apertura fundaméntase na natalidade, entendida como a capacidade de comezar algo novo, de acción.
- Por outra banda, o pensamento é o uso da linguaxe nun diálogo connosco mesmos que nos permite distanciarnos do mundo e ser libres.
- O pensamento nace no individuo, pero ten **vocación de comunicarse aos demais e de modificar o mundo.**

Para Arendt, o ser humano non se define polo seu destino final (a morte, o cal leva a filosofías introspectivas e preocupadas), sino pola súa capacidade de inicio (o nacemento, o cal abre a posibilidade de crear algo novo).

A filosofía de Arendt é unha filosofía da esperanza.



Oscar Wilde



Ludwig Wittgenstein

Pensamento e acción

- De feito, **pensamento e acción son as características específicas do ser humano** e as que **fan posible a pluralidade** (somos iguais xa que podemos entendernos e -ao mesmo tempo- distintos porque cada un de nós ten a súa propia perspectiva), outro trazo distintivo da humanidade.



«Cada home é único, de tal maneira que con cada nacemento algo singularmente novo entra no mundo».

A condición humana, Hanna Arendt.

Pensamento e acción

- Desde **Platón e Aristóteles** considerouse **que o propio do filósofo é o pensamento**.
- *Vita contemplativa* (o pensamento illado do mundo) vs *vita activa* (aquilo que facemos).

Este enfoque deu lugar a unha **falta de reflexión sobre a vida activa**, que Arendt entende como condición da contemplación. É dicir **para comprender o mundo hai que observar a súa actividade**.



Pensamento e acción

A **vida activa** pode dividirse,
segundo Arendt, en:


- **Labor**
- **Traballo (work)**
- **Acción (action)**



Pensamento e acción

• Labor:

- Pertence á esfera privada
- É a actividade encamiñada a satisfacer as necesidades biolóxicas básicas (comer, beber, etc. para a supervivencia, e o resultado son os bens de consumo (efímeros, desaparecen pronto).
- É o *homo laborans*.



• Trballo (work):


- Pertence á esfera privada
- Se correspónde co dominio da natureza para a fabricación dun mundo artificial de cousas que non se consumen (mesas, cadeiras, xerras, etc.), pero son útiles para o desenvolvemento do ser humano.
- É o *homo faber*.



Pensamento e acción

• Acción (action, *praxis*):

- Consiste na interacción política, é a **actividade especificamente humana**.
- É o feito de iniciar algo novo.
- Vai unido ao discurso (*lexis*), a palabra que da sentido a acción e mediante a cal revelamos quen somos.
- **Pertence á esfera pública**, porque mediante a acción relacionámonos cos outros seres humanos e desenvolvemos o mundo común ao que nos incorporamos.



«A acción, a diferenza da fabricación, nunca é posible en illamento; estar illado é o mesmo que carecer da capacidade de actuar. A acción e o discurso necesitan a presenza doutros non menos que a fabricación require a presenza da natureza para o seu material e dun mundo no que colocar o produto acabado. A fabricación está rodeada e en contacto co mundo: a acción e o discurso estano coa trama dos actos e palabras doutros homes». *A condición humana, Hanna Arendt.*

Pensamento e acción

- **Actuar é tomar iniciativas, comezar algo. Sen acción, o ser humano non é recoñecido como tal polos outros.**
- A acción é:
 - **Imprevisible:** (non se poden predicir as consecuencias que pode desencadear unha acción ata o final), de aí que non teñan sentido aquelas teorías políticas que pretenden ser predictivas
 - **Irreversible:** Unha vez iniciada non é posible volver atrás: por esa razón esixe prudencia e responsabilidade.

Pensamento e acción

- A acción (ou a omisión, que sería outra forma de actuar) **esixe asumir as responsabilidades que supón, os riscos e as consecuencias, sen que a boa vontade ou o respecto ao deber kantianos sirvan de pretexto.**
- Na acción móstrase -mediante a palabra, o discurso- a **pluralidade de perspectivas do ser humano, a identidade de cada individuo.**

"Freedom is the will to be responsible for ourselves."
- Friedrich Nietzsche



Pensamento e acción

- Exemplo: A revolución americana

Discurso

Os debates nas asembleas onde os cidadáns libremente discuten como queren gobernarse (**pluralidade e liberdade**).

Non falan para pedir comida (labor) nin para construír un edificio (traballo), senón para definir que é a xustiza ou a liberdade.

Ao falar, cada representante revela a súa postura e convence os demais.



Acción

O acto de asinar a Declaración de Independencia ou redactar unha Constitución.

É o momento en que se "inicia" un corpo político novo. É un novo comezo (**natalidade**) que rompe co pasado (a monarquía británica).

Os firmantes deben ser responsables das consecuencias de tal acto irreversible (posible guerra civil, guerra con Inglaterra, etc.) (**responsabilidade, irreversibilidade e imprevisibilidade**)

Pensamento e acción

Conclusión:

- A tendencia histórica a considerar superior a vida contemplativa e menosprezar a acción invírtese na época moderna, cando a ciencia e a tecnoloxía fan triunfar ao *homo faber*.
- No proceso de fabricación, o fin xustifica os medios, todo é instrumento para conseguir un obxectivo. Así, **o *homo faber* devalúa todo, porque todo é un medio para o uso humano.**
- Arendt alerta da fragilidade da condición humana. **O home moderno é o *homo faber* alienado polo consumismo, uniformizado, convertido en «home masa» nunha sociedade atomizada de individuos illados que se afasta da política.**
- Todo iso significa que a sociedade de masas alimenta elementos totalitarios que ameazan a existencia da política mesmo en sociedades organizadas democraticamente. A conclusión -baseada nas propias características da condición humana- é a **necesidade de garantir o espazo público e de entender a política como diálogo.**


A banalidade do mal

A banalidade do
mal




A banalidade do mal

- Hannah Arendt recibiu en 1961 o encargo da revista americana New Yorker de informar unha serie de reportaxes desde Israel do **proceso contra Adolf Eichmann**, considerado un dos grandes criminais de guerra da historia e responsable de aplicar a chamada «**Solución final**» para o exterminio dos xudeus nos campos de concentración alemáns.
- O resultado da análise deste proceso é o seu libro ***Eichmann en Xerusalén: un estudo sobre a banalidade do mal*** (1963).



A banalidade do mal

- Nesta obra, Arendt abandona o concepto de «mal radical» e introduce o de «mal banal» a partir da observación do acusado no xuízo.
- Eichmann non era un sádico ou un monstro, senón xustamente un home corrente, un *home masa* produto da burocracia totalitaria, superficial, **un home incapaz de pensar, sen conviccións**, que se expresaba nunha linguaxe burocrática e con frases feitas, **incapaz de ter criterio propio nin de asumir responsabilidade persoal.**



A banalidade do mal

- Na súa defensa, Eichmann **alegou que cumpría ordes e que realizaba eficientemente o seu traballo** de transportar xudeus ás cámaras de gas.

O holocausto xudeu foi posible, a xuízo de Arendt, **pola complicidade de millóns de persoas que exerceron o «mal banal» de obedecer sen pensar.**



A banalidade do mal

- O concepto de «banalidade» aplicado ao mal valeulle duras críticas, por considerar que trivializaba a cuestión do totalitarismo.
- En realidade, a pretensión de Arendt non é relativizar a responsabilidade de Eichmann senón demostrar que non era o monstro que vían nel.
- Para ela **o realmente monstruoso era a súa normalidade**, unha normalidade que «resultaba moito máis terrorífica que todas as atrocidades xuntas».
- O feito de considerar demoníaco o mal implica afastalo da condición humana e convencernos de que non nos concirne persoalmente.



A banalidade do mal

- Arendt considera a Eichmann culpable de non ter sido capaz de pensar: xulgar por si mesmo, de non exercer a súa liberdade de dicir «non», e en consecuencia debe ser condenado.
- Rexeita a idea de culpa colectiva aplicada ao nazismo porque «onde todos son culpables ninguén o é». Millóns de persoas, entre elas os propios xudeus que se deixaron levar á morte ou aqueles que negociaron co goberno nazi renunciaron á súa facultade de xulgar e exerceron un mal banal que lles fixo cómplices do holocausto.
- A proposta de Arendt consiste, non na procura da verdade, senón na **loita contra a indiferenza e o conformismo, na integridade moral e o xuízo propio, sen escudarse na «culpa colectiva»**.

O perigo das utopías

O perigo das utopías


O perigo das utopías

- A **acción humana** é aquilo que nos define ante os outros e é **imprevisible**, polo que o futuro tamén o é.
- Ao longo da historia expuxéronse diversas **propostas para evitar esta incerteza** e dirixir a vida humana cara a unha utopía política que funcionaría -en teoría- como unha **sociedade perfecta**.

Premisa:
A acción humana
é imprevisible


Problema:
O futuro da
sociedade é
imprevisible

Solución:
Creación de sociedades
perfectas (utópicas)
que acabe coa
incerteza --> sociedade
mellor.



O perigo das utopías

- Para dirixir a acción humana, estas utopías necesitan facer desaparecer a esfera pública, a política, e con ela a liberdade do individuo: a capacidade de actuar e de expresar o seu pensamento, é dicir, o que lle fai humano. (o que explica por que estas formas de sociedade son tan deshumanizadoras e deshumanizadas).
- Xa non hai contorna social que permita ás persoas interactuar nunha esfera común, porque o resultado sería imprevisible e non se cumpriría o «ideal» deseñado.



O perigo das utopías

- As utopías seguen o modelo que Arendt denominou de «fabricación», no que calquera medida se xustifica: manipulación, violencia, limitación de dereitos, etc. son medios eficaces para alcanzar o fin.



Arendt e o sionismo

Arendt e o sionismo

Arendt e o sionismo

- Ante o crecente antisemitismo do século XIX, a resposta xudía foi o **sionismo** (a defensa dun Estado para o pobo xudeu no territorio do antigo Israel, obxectivo logrado en 1948). (Sión: "antiga cidade de David")

"En Austria son bohemio , austríaco en Bohemia e apátrida no mundo"
(Gustav Mahler, compositor e director de orquesra)



O sionismo



Arendt e o sionismo

- A relación de Arendt co sionismo foi complexa -durante un tempo loitou por esta causa-, pero a súa crítica principal á causa sionista consiste en sinalar a contradición de querer resolver a cuestión xudía a partir da creación dun Estado nación cuxo modelo xa mostrara a súa decadencia en Europa, gobernado por unha poboación hexemónica e para o cal as minorías -os árabes- serían un problema. (igual que en Alemaña cos xudeus (minoría)).
- A súa **proposta dunha federación binacional na que nin xudeus nin árabes tivesen un estatuto maioritario entendeuse como antisionista en Israel.**
- As súas obras tardaron anos en ser traducidas ao hebreo.



Influencia e críticas

Influencia e críticas

Relación con pensadores posteriores

- **Habermas**, coñecido pola súa teoría da acción comunicativa, atopa en Arendt unha fonte crucial para:
 - A súa reflexión sobre a esfera pública e a democracia
 - A súa idea dunha esfera pública onde os cidadáns participan no debate racional
 - A inquietude pola erosión da esfera pública e a importancia da participación cidadá.


Historia y
crítica de
la opinión
pública.

La transformación estructural
de la vida pública.

—J. Habermas—


Relación con pensadores posteriores

- Butler, unha **filósofa e teórica de xénero**, inspírase en Arendt en:
 - O concepto arendtiano da *performatividade da acción* (como as accións e o discurso constrúen a realidade política) para a súa teoría da performatividade de xénero (como se constrúen as identidades de xénero)
 - Butler tamén reflexionou sobre o concepto da "banalidade do mal" en relación coa violencia e a opresión sistémica.



Críticas a Hanna Arendt

- **Isaiah Berlin:** O filósofo británico de orixe xudeu expresou o seu rexeitamento cara ao pensamento de Arendt en conversas e cartas, cualificándoa de "pretenciosa" e criticando a súa falta de rigor histórico e a súa tendencia a teorizar excesivamente sobre feitos reais.



Críticas a Hanna Arendt

- **Theodor Adorno:**

- **Orixes do Totalitarismo:**

- **Adorno (Teoría Crítica):** Viuno como o resultado inevitable da "Dialéctica da Ilustración". Para el, a razón moderna volveuse autoritaria ao intentar dominar a natureza e aos seres humanos, converténdose nun sistema de administración total.
- **Arendt (Fenomenoloxía):** Centrouse na ruptura histórica. Para ela, o totalitarismo foi un fenómeno novo baseado na atomización social, a soidade das masas e a destrución do espazo público onde os cidadáns actúan e falan.

- **A visión do "Social" vs. o "Político":**

- **Adorno:** Consideraba que a economía e as estruturas sociais determinan a política. Acusaba a Arendt de ser unha "conservadora" ou "de dereitas" por ignorar a loita de clases e as forzas do capitalismo na súa análise.
- **Arendt:** Defendía que a política debe ser un espazo libre de necesidades económicas ("a cuestión social"). Criticaba a socioloxía (á que Adorno pertencía) por tratar de explicar a conduta humana mediante leis causais, o que para ela negaba a liberdade humana.